



Estimado xogador/a:

Mediante a presente lle recordamos as **NORMAS BASICAS PARA FAMILIAS E MEDIDAS COVID-19:**

- Cotas anuais socios: **Deben estar ingresadas antes do comezo dos adestramentos** (no caso de que algunha familia teña dificultades económicas por mor dos efectos da pandemia, que contacte coa Xunta Directiva e buscase unha solución) na conta de **Abanca ES24 2080 5117 9230 4001 0572**. As cotas da tempada 2021-2022, son as seguintes: **MINIS 150 €** (nados en 2017 e 2016), **PREBENXAMINS 150 €** (nados en 2015 e 2014), **BENXAMINS 155 €** (nados en 2013 e 2012), **ALEVINS 160 €** (nados en 2011 e 2010) , **INFANTILES 165 €** (nados en 2009 e 2008), **CADETES 170 €** (nados en 2007 e 2006), **XUVENILES 170 €** (nados en 2005, 2004 e 2003), **FUTBOL SALA FEMININO 100 €** (tódalas categorías base).
- **Non poderá acceder a instalación os xogador@s que non entregaran: a autorización, a declaración responsable COVID e pagaran a cota de socios** (excepto os que contactaran coa Xunta Directiva por dificultades económicas e fosen autorizados pola mesma).
- Puntualidade: Os horarios de adestramentos son de inicio dos mesmos, polo que haberá que chegar coa antelación suficiente para estar no campo de adestramento coa equipación indicada a hora de inicio do mesmo. Nos partidos terase que estar no recinto deportivo a hora indicada na convocatoria, a cal será como mínimo 45 minutos antes do comezo do partido, no caso de calquera posible impuntualidade esta debera ser comunicada o antes posible o adestrador/a **por privado**.
- Asistencia: A asistencia os adestramentos é obrigatoria, así como os partidos cando se figure na lista de convocados, no caso de non poder asistir os adestramentos ou partidos, avisarase o adestrador/a **por privado** coa maior antelación posible. No caso dos partidos avisarase o antes posible sen esperar a que o adestrador/a dea a lista de convocados.
- Equipaxes e material club: Nos casos nos que o club facilite os xogador@s equipaxes ou material do club para o uso individual do xogador/a (camiseta con dorsal, peto, balón, ...) o xogador/a responsabilizarase da correcta utilización e conservación do mesmo, devolvéndollo o club o final da tempada ou cando lle sexa requirido. Facéndose responsable no caso de extravío ou deterioro (non acorde o do propio uso) de aboar o coste de substitución do material entregado.
- Grupos de Whatsapp: Unicamente se realizarán comunicacións relacionadas cos partidos e adestramentos ou actividades do club. No caso de información relativa a protocolos sanitarios, suspensións da actividade por condicións meteorolóxica ou de outro índole, serán comunicados exclusivamente polo persoal do club (Directiva ou Adestrador@s).

- Lesións: No caso de producirse lesións tanto no transcurso dos partidos coma nos adestramentos, avisarase o adestrador/a o momento de producirse, o cal indicara o xogador/familias o procedemento a seguir. Para lesións sen urxencia pedirase cita previa no servizo da mutualidade da RFGF (non pasar máis de 7 días desde que produce a lesión ata que se comunica coa mutualidade) e no caso de urxencia acudirase o Centro Médico concertado, o adestrador indicara os tramites a seguir e avisara os responsables correspondentes da Xunta Directiva.
- Recordámoslle tamén que na nosa web www.balaidoscf.com atopase o Regulamento de Réxime Interno que tódolos xogador@s e familias deben coñecer.

MEDIDAS COVID-19

- O Balaidos CF actuará segundo o disposto no protocolo da Federación Galega de Fútbol, no protocolo do Concello de Vigo para o uso de instalacións deportivas e no protocolo do Balaidos CF o cal estará dispoñible na nosa web www.balaidoscf.com
- A entrada a instalación dos xogador@s realizarase o control de temperatura para verificar que non superan os 37º, preguntaráse se teñen ou tiveron sintomatoloxía COVID ou estiveron en contacto con positivos ou persoas que presenten sintomatoloxía nos últimos 14 días (este controis deben ser realizados tamén polas familias e xogadores para verificar que o xogador pode asistir o adestramento de acordo o asinado na declaración responsable) e procederase a desinfección das mans.
- É obrigatorio o uso da mascarilla en toda a instalación, os xogador@s deberán traer unha mascarilla de reposto nun portamascarillas ou similar, no que figure o nome do xogador@.
- Non está permitido o uso de vestiarios e habilitarase unha zoa para que os xogador@s deixen as mochilas.
- Non se pode acceder o campo de xogo con calzado da rúa, polo que os xogador@s deberán traer outro calzado previamente desinfectado da casa.
- Non se poden introducir alimentos, e as botellas de auga deberán ter o nome de cada xogador/a para o seu uso individual.
- Estas indicacións son un breve resumo das medidas a cumprir que se poden consultar no Protocolo Covid-19 do Balaidos CF, realizado pola entidade PREVISONOR para os clubs de AFAVI.

Para calquera dúbida ou consulta que precisen, estamos a súa disposición tanto no e-mail balaidoscf@gmail.com, coma no teléfono 647 57 94 24.